



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2025

En Laxe, sendo as 14:30 horas do 30 de outubro de 2025, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS).

Non asiste Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)

Actúa como secretaria-interventora deste concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ADICIONAL 4/2025. EXPTE. NÚM. 2024/A008/000042.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: PARTICIPAR NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ ADICIONAL 4/2025

Expte. Admvo. Núm. 2024/A008/000042

O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 03/10/2025, aprobou a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 para engadir a base 15 coa finalidade de regular o POS+ Adicional 4/2025 destinado aos concellos da provincia, publicando esta modificación no BOP núm. 192 de 08/10/2025.

Con data do 03/10/2025, a Deputación Provincial enviou a este concello circular específica para a elaboración do POS+ Adicional 4/2025 para poder destinalo a gasto corrente, redución da débeda dos concellos coa Deputación ou para investimentos financeiramente sostíbles, na que se comunicaba que a cantidade que lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 4/2025 é de 120.860,59 euros. Nesta circular especificase que:

“[...] Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada para o financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2025:

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2025, segundo se definen na base 2.1 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao POS+ 2025 base ou POS+Adicional 3/2025 se se solicitaron.*
- Redución da débeda dos concellos coa deputación pola solicitude e aplicación do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, segundo se define na Base 14 que regula o POS+Adicional 3/2025.*
- Investimentos financeiramente sostíbles, segundo se definen no apartado específico da base 2.2 e concordantes.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

[...]"

Considerando o exposto, con respecto ao POS+ Adicional 4/2025, fórmase a seguinte proposta ao Pleno:

1.- "Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 4/2025" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	35.000,00 €
Redución da débeda do concello coa deputación	0
TOTAL	35.000,00 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	120.860,59 €
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	35.000,00 €
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	85.860,59 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O sr. alcalde explica que se trata de gastos correntes relativos ás facturas de abastecemento de auga e que a 2ª fase pendente para obras se aprobará mais adiante.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 2 do BNG (dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja e 1 do Grupo Mixto (don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 1 do Grupo Mixto (don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

1.- "Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 4/2025**" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL POS+AD 4/2025
Gastos correntes 2025	35.000,00 €



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Redución da débeda do concello coa deputación	0
TOTAL	35.000,00 €

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 4/2025	120.860,59 €
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 4/2025	35.000,00 €
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 4/2025	85.860,59 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2.- APROBACIÓN DA ENCOMENDA DA XESTIÓN DA SELECCIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA O POSTO DE ARQUITECTO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. EXPTE. NÚM. 2025/A006/000015.

Dase conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Expediente nº 2025/A006/000015

Visto que en data 3 de outubro de 2025 o Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña acordou a aprobación do convenio interadministrativo de cooperación tipo entre esa deputación e os concellos de menos de 20.000 habitantes co obxecto de habilitar a posibilidade de encomendar a xestión de selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitectos/as e arquitectos/as técnicos/as á dita deputación.

Visto que este convenio ten como obxecto a fixación das bases da encomenda voluntaria da xestión material da selección de persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a do Concello de Laxe, ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial da Coruña.

Visto que de conformidade co disposto no art. 36.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local e art. 109.1 b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as Deputacións teñen a competencia pra prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión.

Visto que segundo a disposición adicional primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporabilidade no emprego público establece que os municipios, excepto os de gran poboación, poderán encomendar a xestión material da selección do seu persoal funcionario interino e persoal laboral temporal ás deputacións provinciais.

Visto que é unha necesidade básica de todos os concellos a cobertura de forma áxil e eficaz dos postos de persoal técnico temporalmente vacantes e que a formación dunha lista provincial, xestionada dende o Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, pode ser útil para estes efectos.

Vistas as obrigas, responsabilidades e compromisos que asume esta entidade local coa adhesión a este convenio e tendo en conta o interese para esta entidade.

Visto o disposto nos artigos 33.2 e 47.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do réxime local, esta Alcaldía, propón ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro. Aprobar a encomenda da xestión da selección do persoal funcionario interino para o posto de arquitecto á Deputación Provincial da Coruña.

Segundo. Solicitar, segundo o previsto no vixente Regulamento de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios, así como no correspondente convenio de encomenda da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación Provincial da Coruña:

Concello:	Laxe
Tipo de asistencia requirida:	Designación de persoal técnico conforme a listaxe elaborado pola Deputación Provincial da Coruña X Arquitecto/a Arquitecto/a técnico/
Persoa de contacto:	
Cargo:	
Teléfono fixo (+ext) Móbil	981 70 69 03
Enderezo electrónico:	

Terceiro. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio.”

O sr. alcalde explica brevemente a proposta.

O concelleiro do Grupo Mixto, don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG-PSOE pregunta quen realiza a selección do persoal.

O sr. alcalde resposta que se encarga a Diputación.

Dona María Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG pregunta se se vai a rescindir o contrato coa empresa prestadora do servizo técnico urbanístico.

O sr. alcalde resposta que hai que valorar os proxectos e direccións de obra, xa que non son compatibles.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 10 [6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 2 do BNG (dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja e 2 do Grupo Mixto (don Francisco José Vidal Castro, representante do PsdeG PSOE e don Fernando del Moral Regaldíe, representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a encomenda da xestión da selección do persoal funcionario interino para o posto de arquitecto á Deputación Provincial da Coruña.

Segundo. Solicitar, segundo o previsto no vixente Regulamento de prestación dos servizos de asistencia técnica, xurídica e económica a municipios, así como no correspondente convenio de encomenda da xestión material da selección do seu persoal funcionario interino para postos de arquitecto/a e arquitecto/a técnico/a á Deputación Provincial da Coruña:

Concello:	Laxe
Tipo de asistencia requirida:	Designación de persoal técnico conforme a listaxe elaborado pola Deputación Provincial da Coruña X Arquitecto/a Arquitecto/a técnico/
Persoa de contacto:	
Cargo:	



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Teléfono fixo (+ext) Móbil	981 70 69 03
Enderezo electrónico:	

Terceiro. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente en representación do Concello de Laxe para a sinatura do convenio.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:35 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria-interventora a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.